

EXCURSIONISMO EN GALICIA

FONTE: Instituto Nacional de Estadística (INE) - Instituto Galego de Estatística (IGE)

Durante o ano 2024, e tendo en conta que cada excursión equivale a un excursionista ou o que é o mesmo, a unha persoa, o número de excursionistas expresado en miles -persoas que viaxan a un lugar diferente ao da súa contorna habitual e non pasa a noite, cando o obxectivo principal da viaxe non é o exercicio dunha actividade remunerada dende o lugar visitado- procedentes do resto de España e do estranxeiro foi de 3.029,4, o que representa unha variación anual do -6,3 % respecto do ano 2023. Por outra banda, o número de excursións -expresadas en miles- realizadas polos galegos dentro da comunidade autónoma ascende a 12.658,4 cunha variación anual do -3 %. Tendo en conta o volume de excursións que se realizan á comunidade galega dende o resto de España e o estranxeiro co volume de excursións dos residentes en Galicia ao resto de España e ao estranxeiro, obtense o seguinte cadro:

	Resto de España	Resto do mundo	TOTAL
Entrantes	319,7	2.709,7	3.029,4
Saíntes	310,8	854,9	1.165,7
SALDO (Entrantes - Saíntes)	8,9	1.854,8	1.863,7

Cadro 1: Excursionismo receptor e emisor comparado. Número de excursións en miles

Ao longo do ano 2024, o gasto total realizado polos excursionistas procedentes do resto de España e do estranxeiro foi de 243.885,6 miles de euros, que recolle unha variación anual do 3,7 % respecto do ano 2023. Comparando o volume de excursións que se realizan á comunidade galega procedentes do resto de España e do estranxeiro, co volume de excursións dos residentes en Galicia ao resto de España ou ao estranxeiro, obtemos o cadro seguinte:

	Resto de España	Resto do mundo	TOTAL
Entrantes	22.081,5	221.804,1	243.885,6
Saíntes	21.861,5	51.338,6	73.200,1
SALDO (Entrantes - Saíntes)	220	170.465,5	170.685,5

Cadro 2: Gasto total do excursionismo receptor e emisor comparado. Gasto total en miles de euros

Tendo en conta as excursións realizadas polos galegos dentro da comunidade autónoma, o volume do gasto total realizado polos excursionistas ascende a 521.000,2 miles de euros, cunha variación anual do 2,8 %.




Figura 1: Excursionistas con destino Galicia segundo orixe




Figura 2: Gasto total do excursionismo con destino Galicia segundo orixe




Figura 3: Evolución do número total de excursionistas en miles




Figura 4: Evolución do gasto total en miles de euros